

REDE DE PARQUES
NATURAIS DE
GALICIA

Baixa Limia
Serra do Xurés

ruta 1

Ruta Corga da Fecha

Alta

5 h.

3,6 km

Lineal

a pé



Inicio: Vila Termal de Lobios ou A Ponte Nova (miliarios)
Fin: Vila Termal de Lobios ou A Ponte Nova (miliarios)

Este sendeiro lévanos polo antigo trazado da Vía Nova romana, que unía Braga con Astorga. A uns 50 metros da ponte que cruza o regato da Corga da Fecha, o camiño ascende paralelo ao río. Aínda que non está sinalizado por ese lado, tamén é posible comezar a ruta nos miliarios da Ponte Nova. Neste caso, o camiño descende pola parte restaurada da Vía Romana XVIII e continúa ata 50 metros antes da ponte, onde novamente é posible encamiñarse ata a Cabaniña do Curro ou continuar cara a vila termal. Para facer esta ruta hai que pedir autorización previa.

ruta 2

Ruta de Padrendo

Media/Alta

4 h.

11 km

Circular

a pé



Inicio/Fin: Igrexa de Padrendo (Lobios)

No fin da aldea de Padrendo, unha senda conduce aos arredores da antiga aldea de Outeiro, desde onde ascende preto dun regato con muíños restaurados ata unha chaira denominada Chan de Ventoselo, cunha vista impresionante da Serra de Santa Eufemia. Continuando o camiño contémpase unha fermosa vista do val do río Caldo e da Serra do Xurés. A ruta descende ata a vila de Torneiros, que contén un interesante conxunto de hórreos de pedra, e continúa ata Bubaces, onde se conservan sete antigas minas para gardar o viño. Desde aquí comeza o regreso ao punto de partida, por antigos camiños que pasan pola igrexa de Santa María do Val de Riocaldo.

ruta 3. Ruta de Queguas

Media

3 h.

8,5 km

Circular

a pé

Inicio/Fin: Queguas
O percorrido sae de Queguas en dirección ás Carríns, e desde aquí ata as Cortes da Carballeira, para continuar ata o impresionante monumento megalítico da Casa da Moura e volver de novo a Queguas.

ruta 4. Ruta da Ermida do Xurés

Media

2,30 h.

4 km

Circular

a pé

Inicio/Fin: Ermida do Xurés
O itinerario comeza descendendo polo camiño dos pasos ou santos da ermida para chegar ao antigo camiño da Mina das Sombras e ascender logo ata Porta Parede. Xa de volta na ermida do Xurés, a panorámica sobre o val do río Caldo e a Serra de Santa Eufemia é espectacular. Outro lugar onde se pode comezar o percorrido é a aldea de Vilameá.

ruta 5

Ruta Minas das Sombras

Alta

5 h.

14 km

Lineal

a pé



Inicio: Ermida do Xurés (Vilameá)
Fin: Mina das Sombras

O camiño discorre pola beira do río Vilameá ata chegar á Mina das Sombras (7 km ida). Malia o nome da ruta, no percorrido escasean as zonas de sombra, dominando a vexetación de mato. A espectacularidade do val resáltase cos farallóns graníticos de Baltar e O Fitoiro. A ruta é lineal e remata na explotación mineira das Sombras, dentro da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Parque. Acceso restrinxido á mina. Hai que pedir autorización previa para facer esta ruta.

ruta 6. Ruta do Río Agro

Media/Alta

4-5 h.

16,5 km

Circular

a pé

Inicio/Fin: Iglesia de Sta. María A Real (A Terrachá)
Este itinerario circular discorre por camiños empedrados e pontes ben conservadas que cruzan o río, como as de Covas, Chao da Ponte e Ponte do Folón. Desde o Balcón de Entrimo, no lugar de Bouzadrago, divísase unha fermosa panorámica.

ruta 7. Ruta do Río Mao

Baixa/Media

2 h.

3,4 km

Circular

a pé

Inicio/Fin: Casa da Escusalla
O percorrido discorre paralelo ao curso do río Mao. Entre os seus atractivos conta cun conxunto de muíños restaurados, rápidos, fervezas e mesmo pozas que permiten o baño. Recoméndase realizar esta ruta na época estival porque as crecidas do río poden impedir o paso nalgún punto do itinerario.

ruta 8

Ruta do Río Vilameá

Baixa/Media

45 min.

1,7 km

Circular

a pé



Inicio/Fin: Vilameá.
Chégase pola estrada OU-312, que une a capitalidade de Lobios e o Parque Nacional da Peneda-Gerês pola Portela do Home. En Vilameá, tomando un desvío a man esquerda, xunto á capela de Santa Lucía comeza unha estrada que conduce ao inicio da ruta na ermida do Xurés.

O itinerario discorre polas dúas marxes do río Vilameá, no val do río Caldo. No percorrido visitamos ata doce muíños, algúns deles restaurados. Na metade da ruta, un camiño duns 450 metros conduce a unha alvariza, unha construción tradicional que protexe as colmeas. Se tomamos este desvío de ida e volta, a dificultade do percorrido pasa a ser media-alta.

ruta 9

Ruta Torrente - Salgueiro

Media/Alta

12 h.

22 km

Lineal

a pé



Inicio: Reitoral de Torrente (Muíños)
Fin: Aldea de Salgueiro

O percorrido iníciase nas inmediacións da Reitoral de San Pedro, despois de visitar os muíños de Torrente. Ascende atravesando unha zona de bosque ata chegar á ermida da Clamadoira, con boas vistas da zona. Continúa por unha zona de mato ata a aldea de Prado, seguindo pola beira do río Salas e do Torrente de Salgueiro.

O final do itinerario está na aldea de Salgueiro, de acceso regulado (11 km ida). A posibilidade de tránsito debe consultarse coa oficina do Parque Natural en Lobios (988 788 755). parque.natural.xures@xunta.gal

ruta 10

Sendero A Cela - Pitões

Alta

10 h.

28 km

Lineal

a pé



Inicio: A Cela (Lobios)
Fin: Portela de Pitões (Muíños)
O percorrido lineal discorre por unha zona de forte pendente e atravesa áreas de gran valor do Parque Natural, polo que o sendeirismo só está permitido nas vías existentes. O itinerario sobe desde a aldea da Cela ata Alvite e, desde aí, ata Salgueiro, zona de acceso regulado. A posibilidade de tránsito pola aldea debe consultarse coa sede do Parque Natural en Lobios (988 788 755 - parque.natural.xures@xunta.gal).

Neste tramo destaca a panorámica da Serra do Xurés. Tras un forte ascenso chégase a Carballeira da Barxa, desde onde se prossegue ata a Portela de Pitões que dá entrada ao Parque Nacional de Peneda-Gerês.

ruta 11

Vieiro das Mámoas

Media

22 h.

49 km

Circular

a pé

Inicio/Fin: (varios) Queguas, Ermida de San Bieito de Grou, San Xes de Vilarinho, A Canle, A Fraga ou en Outeiro de Augas
O sendeiro discorre polo planalto da Serra do Leboreiro, nun percorrido circular, a través dos concellos de Vereia, Bande, Lobeira, Lobios e Entrimo. O percorrido ofrece fermosas vistas do val do Limia e panorámicas das serras do Xurés, do Quinxo e da Peneda. Destacan os altos de Penagache, Pena de Anamán e os ríos Agro e de Castro Leboreiro que unen as terras de Galicia e de Portugal. A ruta realízase por zonas de mato onde é frecuente atopar cabalos garranos e vacas cachenas, autóctonas do Xurés. Consérvanse mostras do enxeño popular como foxos e currais, que lembran a secular convivencia das actividades pecuarias coa fauna silvestre. Estes planaltos do Leboreiro albergan gran cantidade de necrópoles e monumentos funerarios megalíticos coñecidos como túmulos ou mámoas. O sendeiro conecta coa ruta de Queguas e con varias aldeas. Pódese facer unha versión curta da ruta, a través dunha derivación sinalizada que a divide máis ou menos á metade.

A ter en conta:

URXENCIAS

112

SEPRONA

062

INCENDIOS

085

1. Deixa o vehículo nos aparcadoiros habilitados.

2. Usa o vehículo só nas estradas/camiños habilitados e modera a velocidade cando circules polo interior do Parque.

3. Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.

4. Non molestes á fauna, non fagas ruído.

5. Infórmate dos permisos necesarios para acceder ao Parque ou para facer calquera ruta.

6. Antes de facer unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir.

7. Planifica con detalle a túa visita, sobre todo se vas en grupo, e equipate convenientemente.

8. 11 itinerarios sinalizados. En dous deles (A Cela-Pitões e Torrente-Salgueiro) débese enviar comunicación por escrito (parque.natural.xures@xunta.gal) ás oficinas do Parque Natural para atravesar a zona de acceso regulado da aldea medioambiental de Salgueiro (concello de Muíños). Indicar día, número de persoas, responsable, teléfono e email de contacto (Tel. 988 788 755)

9. Leva o móbil sempre coa batería cargada.

10. Camiña polos sendeiros habilitados.

11. Respecta a sinalización.

12. Precaución coas enchentes dos cursos de auga.

13. Precaución ao pisar pedras e troncos cando están mollados xa que son moi escorregadizos.

14. Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.

15. Fai un uso responsable do liño; se non hai colectores, lévao contigo ata que atopas un.

16. Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.

17. Respecta as propiedades privadas.

18. Usa as áreas recreativas.

19. Está prohibido prender lume.

20. A caza e a pesca están reguladas. Consulta a normativa deste Parque Natural.

21. Avisa ao persoal do Parque ante calquera incidencia. (Tel. 988 788 755)

22. Centro de Interpretación do Parque: Estrada de Portugal, 34, Lobios (Ourense).

Rutas Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

- 1 Ruta Corga da Fecha
- 2 Ruta de Padrendo
- 3 Ruta de Queguas
- 4 Ruta Ermida do Xurés
- 5 Ruta Mina das sombras
- 6 Ruta Río Agro
- 7 Ruta Río Mao
- 8 Ruta Río Vilameá
- 9 Ruta Torrente - Salgueiro
- 10 Sendero A Cela - Pitoes
- 11 Vieiro das Mamoas

... Via Romana

Limite Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

Estradas

Camiños

Frontera España-Portugal

Punto de información

Vistas panorámicas

Arquitectura Popular

Fervenza

Castro

Cruceiro

Formación Senlleira

Mina

Museo

Parque Forestal

Patrimonio Arqueolóxico (Romano)

Peto de Ánimas

Petroglifo

Aldeas

Arquitectura - Historia

Termalismo

Túmulo

Ponte

Ermita

Áreas de descanso

Parking - Porta de acceso

Entrimo Nome do Concello

Nome da Vila ou Aldea

PUNTOS SINGULARES

1.- Casola do Foxo (Dolmen) Arqueoloxía	37.- Igrexa Visigótica de Santa Comba Arquitect. religiosa
2.- Casíña da Moura (Dolmen) Arqueoloxía	38.- A Clamadoira Arquitectura religiosa
3.- Miliarios da Ponte Nova Arqueoloxía	39.- Ermida do Xurés Arquitectura religiosa
4.- Casa da Moura Arqueoloxía	40.- Ermida da Aparecida Arquitectura religiosa
5.- Aquis Originis Arqueoloxía	41.- A Sobreira (Igreja) Arquitectura religiosa
6.- Mota Grande (Portugal) Arqueoloxía	42.- Ermida Nosa Señora da Ascensión Arq. religiosa
7.- Mota Grande Arqueoloxía	43.- Santa Maria do Val de Riocaldo Arq. religiosa
8.- Petroglifo Arqueoloxía	44.- Ermida do Castro Arquitectura religiosa
9.- Castro da Coroa Arqueoloxía	45.- Cruceiro de Vilariño Arquitectura religiosa
10.- Castro dos Castrelos Arqueoloxía	46.- Ermida de Santiago Arquitectura religiosa
11.- Aquis Querquennis Arqueoloxía	47.- Peto de Ánimas de Vilar Arquitectura religiosa
12.- A Escusalla Arquitectura popular	48.- Peto de Ánimas da Canle Arquitectura religiosa
13.- Salgueiro Arquitectura popular	49.- Peto de Ánimas de Parada do Monte Arq. religiosa
14.- Mina das Sombras Explotación abandonada	50.- Santuario do Couso Arquitectura religiosa
15.- Alvariza Arquitectura popular	51.- Ermida de San Antonio Arquitectura religiosa
16.- Casa Xuiz Arquitectura popular	52.- Ermida Motas e Viso Arquitectura religiosa
17.- Cabaniña do Curro Arquitectura popular	53.- Igrexa de Bande Arquitectura religiosa
18.- Forno de Randín Arquitectura popular	54.- Igrexa San Miguel de Lobios Arq. religiosa
19.- Ponte de Covas Arquitectura popular	55.- Igrexa San Salvador de Manín Arq. religiosa
20.- Eira de Esperanzo Arquitectura popular	56.- Ermida de San Pedro en Ludeiros Arq. religiosa
21.- Conxunto de hórreos de Padrendo Arq. popular	57.- Parque forestal O Corgo Medio natural
22.- Olelas Arquitectura popular	58.- Carballos singulares Medio natural
23.- A Cela Arquitectura popular	59.- Corga da fecha Medio natural
24.- Xermeade Arquitectura popular	60.- Castelo da Pica Medio natural
25.- Randín Arquitectura popular	61.- Pia da Moura Medio natural
26.- Corbelle Arquitectura popular	62.- Poza da Seima Medio natural
27.- Foxo Lobo Monte Grande Arquitectura popular	63.- Poza Caído Medio natural
28.- Foxo de Lobo de Guende Arquitectura popular	64.- Pozas do Mallón Medio natural
29.- Alvariza Arquitectura popular	65.- Poza de Auga Medio natural
30.- Chivana do Chan da Vella Arquitectura popular	66.- Pozas das Forcadínas Medio natural
31.- Muíños do río Vilameá Arquitectura popular	67.- Pozas da Corga da Fecha Medio natural
32.- Muíños do río Mao Arquitectura popular	68.- C. Interpretación Aqueae Querqueneae Vía Nova Museo
33.- Chivana Santa Eufemia Arquitectura popular	69.- Augas termiais do río Caldo Termalismo
34.- Pontón de Prado Arquitectura popular	70.- Augas termiais Termalismo
35.- Pontón de Xermeade Arquitectura popular	71.- A Fraga Arquitectura popular
36.- As Cortes da Carballeira Arquitectura popular	72.- Mamoas da Portela de Pitoes Arquitectura popular

PORTUGAL
Parque Nacional
Peneda Gerês

PARQUE NATURAL
BAIXA LIMIA - SERRA DO XURÉS